Firmiana simplex (L.) W. Wight, 1909

- parasol da China
- parasol chino
-
- para sol xinès
- Chinese parasol tree
- árvore de guarda sol chinês



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malvales**	**Malvaceae**	***Firmiana***

ORIXE

Leste de Asia, especificamente da China, de Taiwán e do Xapón.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de rápido crecemento, que pode alcanzar ata os 15 m de altura. Follas grandes, alternas, palmeadas (3-5 lóbulos), con pecíolos longos, a miúdo tomentosas (peludas) no envés, e bordo dentado ou lobulado. Tronco recto, de codia lisa, verdosa ou agrisada con manchas escuras. Flores pequenas, verdosas, en panículas terminais. Os froitos son secos, dehiscentes (ábrense), en forma de 4-5 valvas membranosas que conteñen sementes marróns.

HÁBITAT

Zonas temperadas e subtropicais, medrando en bosques húmidos e adaptándose ben a xardíns urbanos e parques, polo seu rápido crecemento e sombra, preferindo pleno sol ou semisombra e solos ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Asia oriental e Europa.

CURIOSIDADES

O aroma das súas flores é moi particular, xa que pode variar co clima e a hora do día. Coñécense aromas que lembran o limón, a canela e mesmo o chocolate.